

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000004.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **31 de xaneiro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE PLANTA BAIXA E PLANTA SEMISÓTANO PARA SUPERMERCADO, NA RÚA DAS ARTES ESQUINA PASEO DOS ESTUDANTES, SECTOR SUR-K, PARCELA B-2. (2023/Y001/000048).
2. LICENZA PARA A MODIFICACIÓN DA SUPERFICIE EN VIVENDA UNIFAMILIAR, CON LICENZA OUTORGADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE XULLO DE 2022, PROCEDEMENTO 2021/Y001/000025, NO NÚCLEO RURAL DE CIMA DE VILA- TOIRIZ-TABERNAS-SANTUIÑO, PARROQUIA DE PIÚGOS (2024/Y001/000016).

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**PERSOAL**

3. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO SERVIZO DE FACENDA LOCAL NA PRÓXIMA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024.

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac5140694435725662661.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31-1-2024

4. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DA XEFATURA DE SERVIZO DE EDUCACIÓN.

### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

5. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE XANTAR NO FOGAR DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE. REF. 2024/C003/000004.

### **FACENDA LOCAL**

6. SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO 50% DA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DA CONSTRUCIÓN DE CUBERTA DE FOXA DE XURRO EXISTENTE EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE BOVINO DE LEITE EN VENTOSIÑOS DE ARRIBA, PARROQUIA DE COESES.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá

lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**